



Samuel Merino: "A infancia produce máis dor vista dende a adultez"

O poemario é un percorrido de estrutura circular, un breviario sobre a construción da identidade e da influencia da contorna

Manual de camuflaxe, editado por Xerais, gañou o XIII Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey do Concello de Fornelo de Montes

G24.gal 11/06/2025

<https://www.g24.gal/-/samuel-merino->

'Aquí / no medio da noite/ nesta calor animal hai un poema'

O poema ten pulsión e avanza, gabea polas páxinas do libro ata converterse nun *Manual de camuflaxe*. Falamos do último poemario de Samuel Merino. De como nos construímos, de como nos adaptamos á contorna, do desexo de ser visto ou de ser invisible que ás veces nos confunde..., de todo isto, creo que fala este poemario.